

Xemelgos dixitais aplicados á mobilidade: dos datos á toma de decisións

Descrición

Os xemelgos dixitais están a converterse nunha ferramenta clave para a xestión da mobilidade e o transporte, permitindo integrar información procedente de múltiples sistemas, representar dixitalmente o funcionamento de infraestruturas e servizos e transformar os datos en información útil para a toma de decisións.

A xornada terá un enfoque eminentemente práctico e mostrará como pasar do concepto de xemelgo dixital á súa implantación real, abordando as fontes de datos, a arquitectura tecnolóxica, a integración de sistemas, a visualización, a analítica e a aplicación de técnicas de simulación e intelixencia artificial. Todo iso ilustrarase mediante casos reais de xemelgos dixitais aplicados á mobilidade, mostrando tanto as posibilidades destas tecnoloxías como as principais dificultades e leccións aprendidas durante a súa implantación.

Perfil do docente

Os relatores da xornada serán **Alberto Luengo Cabanillas e Jorge Vicente Rojo**, directores de TicMoveo, empresa especializada en consultoría tecnolóxica, mobilidade intelixente e transformación dixital. Ambos contan con ampla experiencia no deseño, dirección e implantación de proxectos tecnolóxicos relacionados con sistemas ITS, transporte público, plataformas de datos e xemelgos dixitais para Administracións Públicas.

PROGRAMA	Programación 2026/27
TIPO	SEMINARIO
PERIODO INSCRICIÓN	07/09/2026 - 20/09/2026
Nº PRAZAS	232
METODOLOXÍA	Presencial

Xemellos dixitais aplicados á mobilidade: dos datos á toma de decisións

DURACIÓN	2 horas
DATA INICIO	21/09/2026
DATA FIN	21/09/2026
HORARIO	Horario de 11:00 a 12:15 horas.
LUGAR DE DOCENCIA	Edificio localizado na r/Airas Nunes s/n, barrio de Conxo, en
PERIODO DOCENCIA	21/09/2026 - 21/09/2026

Temario

- Do modelo clásico de mobilidade ao xemelgo dixital.
- Como se constrúe e alimenta un xemelgo dixital.
- Da análise estática á simulación e predición de escenarios.
- Casos reais e aplicacións en mobilidade e transporte.